

PREGUNTAS

1. ¿Quen organiza a festa da primaveira? ¿Se a organiza o Concello vaise facer con permiso o co permiso denegado como a do outono?.
2. ¿Pensan Vostedes asumir algunha responsabilidade política pola condena a pagar 800.000,00 euros a promotora por non defender o Concello no momento da presentación da demanda nin comunicar a aseguradora do Concello pola posibilidade de que cubrisen a responsabilidade civil?
3. ¿Como é posible que a día de hoxe non teñan Vostedes rematados os proxectos para o saneamento de Paradela de Bemil e Reguengo e por elo non poidan iniciar as obras tras ter asinado o convenio? ¿Cantas veces pideo Vostede autorización a Deputación de Pontevedra para o proxecto de Paradela, posto que o metía pola estrada provincial, e cantas veces foi denegado? ¿Cantas modificacións se tiveron que facer por esta causa?
4. ¿Por que, tras ter rematada recentemente a tramitación urbanística da parcela onde se construírá o futuro centro de saúde non a teñen cedida xa o Sergas? ¿Teñen solucionado os problemas de accesos a finca? ¿E certo que a rúa de acceso non é do Concello a día de hoxe?.
5. ¿Por que non iniciou Vostede a construción do saneamento do lugar de Iglesia en San Clemente tras terse comprometido nunha reunión dos veciños con todas as forzas políticas no local social que si os veciños asinaban as cesións iniciaba as obras urxentemente? ¿Existe proxecto e partida orzamentaria?
6. ¿Como pode Vostede dicir que non é responsabilidade do titular dun vieiro o seu adecuado mantemento se por el pasa o Camiño de Santiago? ¿Se fose así porque asume o Concello a reposición dos vieiros en Tibo, ou na rúa Real, ou presentou en Patrimonio a obra que se quere facer en Arcos da Condesa?
7. ¿Pensa Vostede que a depuradora de Feitoso se atopa en bo estado? ¿Pensa Vostede facer algo para que no se estean a verter a residuais o regato sen depurar?.
8. ¿Quen é o responsable dos verquidos nos terreos do Ministerio de Transportes na circunvalación Este que estamos pedindo que nos sexan cedidos por este Ministerio?

ROGOS

1. Se proceda a esixir a limpeza propiedade da Igrexa no Camiño Portugués, a altura do parque dos nenos en Carracedo.
2. Se poden as árbores no lugar de Cope, Nº29 de Carracedo.
3. Se fumigue a caseta onde os nenos esperan o autobús no lugar de Paraimas en Saiar por estar chea de pulgas.



C/ Juan Fuentes Echevarría, Nº 3-5 1º
36650 Caldas de Reis
Pontevedra

T. 621224620
E. info@ppcaldas.es

 @ppcaldasdereis
 @pp_caldasdereis
 @pp_caldasdereis
 621 224 620
 ppcaldas.es